Viana VI,2, Celavente, O Bolo, Veciñas de Celavente
CD 198, 16-17
Febreiro 1981

VI,2,197. (16) Ai Maruxiña, si queres que cho furgue (Ai Marux.)
ábrem'a por e apágam'o lume.

[Adiós]

201. Cuánto traballo lle dín (I 145) (1)
i ahora que xa lle traballaba, VI 1182
mandárom'a servi-lo rei,
adiós tamén miña novia
adiós noite do lunar
adiós ponte de mal'espera
dend'íbamos pasear.

S'en algunhas terras m'encontro
unhas letras ch'hei mandar
contestarámelas pronto
para poder dercansar.

Sale, nen'o corredor,
sale, sale, vida mía,
qu'eiquí che vén o teu amante
que che marcha pra Melilla.

---

215. (17) /Adiós/ Reina del Cielo, (2)
Madre del Salvador,
dulce prenda dorada
de mi sincero amor.

De tu divino rostro
la. belleza ,
permíteme que vuelva
tus plantas a besar.

Adiós del Cielo encanto,
mi delicia y mi amor,
adiós, oh Madre Virgen,
adiós, adiós, adiós.

228. 1) E a Virgen de Mavallos (3) IV 85
véndela vai por Pireira IV 809a
cunha cestiña no brazo
aprendendo a costureira.

234. 2) Santo San Blas da Ribeira IV 185
tén a porta car'ó río (4) IV 775
i os santiños qu'están dentro
todos che morren co frío.

---